

A Mesa da Deputación Permanente do Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 14 de febreiro de 2020, adoptou o seguinte acordo:

D) Consecuencias da disolución do Parlamento de Galicia no status das deputadas e dos deputados e no réxime xurídico dos grupos parlamentarios

1. Incidencia económica da disolución do Parlamento de Galicia nas deputadas e nos deputados que non forman parte da Deputación Permanente

Polo Decreto 12/2020, do 10 de febreiro, da Presidencia da Xunta de Galicia, que entrou en vigor o 11 de febreiro de 2020 (DOG núm. 28, do 11 de febreiro de 2020), quedou disolto o Parlamento de Galicia, coa conseguinte convocatoria de eleccións que terán lugar o 5 de abril de 2020.

A disolución da Cámara comporta a perda da condición de deputada e deputado, sen prexuízo da prórroga nas súas funcións dos membros, titulares e suplentes, da Deputación Permanente, ata a constitución da nova Cámara (art. 21.3 RPG).

Tendo en conta a práctica doutros Parlamentos autonómicos, semella razoable que os que foron membros da Cámara durante a X lexislatura e non forman parte da Deputación Permanente, perciban unha asignación por cesamento no seu mandato parlamentario por un importe equivalente a asignación fixa, ata o día dos comicios.

En consecuencia, a Mesa da Deputación Permanente á vista da proposta unánime dos portavoces dos grupos parlamentarios, adopta o seguinte ACORDO:

1.º) Os que foron deputadas e deputados con dedicación exclusiva do Parlamento de Galicia durante a X lexislatura e que non sexan titulares ou suplentes da Deputación Permanente, percibirán unha asignación por expiración do mandato parlamentario por unha cantidade mensual equivalente á asignación fixa que se percibía por dedicación exclusiva, ata o 5 de abril de 2020, inclusive, data das eleccións.

Esta indemnización será aboada automaticamente, decaendo no momento en que, dentro do devandito período, se exercece unha actividade retribuída no sector privado ou dende a data en que adquira efectos económicos o ingreso ou a reincorporación nun posto do sector público, polo que as exdeputadas e os exdeputados estarán obrigados a comunicar tal situación.

A citada asignación é incompatible coa percepción de calquera tipo de retribución, así como dunha pensión ou prestación económica da Seguridade Social.

2.º) Dende o 12 de febreiro de 2020 ao 5 de abril 2020, aboaranse as cotas correspondentes á cotización nos termos do convenio especial asinado entre o Parlamento de Galicia e a Seguridade Social, así como as relativas ás mutualidades e aos dereitos pasivos dos que foran empregados públicos conforme ao Regulamento do Parlamento, a non ser que a deputada ou o deputado comunique a súa reincorporación ao seu posto público ou á súa actividade laboral ou profesional, caso no que se cotizará ata o día anterior ao indicado.

Intervención e Asuntos Económicos.



A cotización á Seguridade Social farase tomando como referencia a base diaria de cotización do último mes completo que tiñan como deputados ou deputadas.

3.º) Comunicarlles este acordo aos grupos parlamentarios, aos que foron deputadas e deputados da X lexislatura e á Intervención e Asuntos Económicos.

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2020

Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado oficial maior

Xosé Antón Sarmiento
Mendez, Letrado Oficial
Maior

Firmado digitalmente por Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial
Maior, email=xsarmiento@parlamentodegalicia.gal
Fecha: 2020.02.17 10:57:52 +01'00'





Asinado dixitalmente por:

Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior na data 17/02/2020 10:57:52

